

# PROGRAMA

LUNS, 11

OURENSE 20:30 **TEATRO PRINCIPAL**  
Cerimonia de apertura do Festival

MARTES, 12

O BARCO 22:30 **Festival no C.da Festa - Malecón**

CARBALLIÑO 22:30 **Festival na Praza Maior**

MÉRCORES, 13

CELANOVA 20:30 **Festival no Claustro do Mosteiro**

MANZANEDA 22:30 **Festival no Patio do Colexio**

XOVES, 14

12:00 **Recepción Oficial na Deputación de Ourense**

ENTRIMO 20:30 **Festival na Alamenda**

MACEDA 22:30 **Festival na Praza das Toldas**

VENRES, 15

VERÍN 22:30 **Festival na Praza Maior**

A RÚA 23:00 **Festival no Parque do Aguillón**

SÁBADO, 16

C. CALDELAS 20:30 **Festival no Patio do Castelo**

ALLARIZ 23:00 **Festival no Campo da Barreira**

DOMINGO, 17

XINZO DE LIMIA 20:00 **Desfile: Parque do Toural - Pza. Carlos Casares**

DE LIMIA 20:30 **Festival na Pza. Carlos Casares**

VIANA DO B. 22:30 **Festival na Praza Maior**

LUNS, 18

OURENSE 22:30 **Desfile: Parque de S. Lázaro - Pza. Maior**

OURENSE 23:00 **Festival na Praza Maior**

MARTES, 19

BANDE 20:30 **Festival na Pza. da Constitución**

TRIVES 22:30 **Festival no Colexio Sta. Leonor**

MÉRCORES, 20

RIBADAVIA 23:00 **Festival no Auditorio do Castelo**



## XXXI XORNADAS DE FOLCLORE



ORGANIZA



Teatro Principal de Ourense



PATROCINAN



DIRECCIÓN

Olga Mojón Costela

DIRECCIÓN ARTÍSTICA

Xulio Fernández Senra

SECRETARÍA

Fco. Javier Álvarez Campos

XORNADAS DE FOLCLORE

Apdo. de Correos 484  
32080 Ourense - España  
Telf./Fax: 00 34 988 249493  
xornadasfolclore@depourense.es

VILA FOLCLÓRICA

Centro Residencial Docente  
Universidade Laboral  
Avda. da Universidade, s/n  
A Cuña - Mariñamansa - Ourense



Foto: Alvaro Vaquero

OURENSE A RÚA ALLARIZ BANDE CASTRO CALDELAS CELANOVA  
ENTRIMO MACEDA MANZANEDA O BARCO O CARBALLIÑO  
RIBADAVIA TRIVES VERÍN VIANA DO BOLO XINZO DE LIMIA

**RUSIA-REP. BASHKORTOSTAN (BASHKIRIA) Ufá**



**BAYRAM FOLK DANCE ENSEMBLE**

Bayram Folk Dance Ensemble foi fundado no ano 1997, en Ufa, a capital da República de Bashkortostan-Rusia, tamén coñecida como Bashkiria, territorio situado nos montes Urais, na fronteira entre Europa e Asia e poboado por varias etnias como os rusos, os bashkires, os tártaros, os ucráinos, os chuvasios, os marís, ou os alemáns.

O grupo está composto por máis de 50 persoas de entre 14 e 25 anos e o seu repertorio inclúe máis de 30 bailes procedentes do folclore dos distintos pobos residentes no Bashkortostan; bailes como a festa de Maidan, o baile dos cosacos dos Urais, tarde de xogos, etc., son reflexo do espírito da xente desta rexión. Os seus espectáculos, realizados con coreografías cheas de precisión e harmonía, acompañados por un amplo e variado vestiario e amenizados pola alegre música interpretada cos instrumentos tradicionais, foron presentados en festivais de Rusia, Ucraína, Turquía e outros países do leste de Europa, sendo esta a primeira ocasión que visitan a nosa terra.



**RUSIA-TERR. DE KRASNODAR Krasnodar**



**FOLK DANCE ENSEMBLE STANITSA**

O conxunto Stanitsa foi creado no ano 1990 na cidade de Krasnodar, capital do Territorio de Krasnodar, aos pés das montañas do Cáucaso, a onde chegaron os cosacos descendentes de Zaporozhe no século XVIII, durante o reinado da Emperatriz Catarina II, creando o *oblast* de Kuban (nome do río que atravesa a rexión) como marca fronteiriza do Imperio Ruso.



Stanitsa ten unha organización con máis de 370 persoas entre bailaríns, músicos, profesores, directivos, etc., de idades comprendidas entre os 7 e os 40 anos e ao longo da súa traxectoria artística ten participado en festivais da República Checa, Bulgaria, Alemaña, Eslovaquia, Ucraína, Polonia, Turquía, Francia, Portugal e España, sendo esta a terceira ocasión que visita Ourense.

O grupo Stanitsa conta cun repertorio do folclore cosaco influenciado polas culturas dos diferentes países nos que se ten asentado este pobo guerreiro amante da liberdade e a independencia, como son os territorios de Ucraína, de Rusia e dos países do norte do Cáucaso. O seu folclore está baseado na cultura bélica cosaca e o esforzo deste pobo por establecerse nos territorios fronteirizos aos que eran enviados: danza de saibos e lanzas, danzas de látegos, ou danzas de festas como vodas, traballos do campo, etc.

**PERÚ Lima**



**COSANDAMA CULTURAL QHASWA**

<https://es-es.facebook.com/Qhaswa>

Qhaswa foi fundado en Lima, capital do Perú, no ano 2007. O nome deste grupo que significa festa e baile, provén da lingua quechua, o grupo étnico indíxena maioritario no país andino. O seu principal obxectivo é investigar, analizar, divulgar e promover as tradicións culturais do Perú a través da música e o baile folclórico. Qhaswa está composto por mozos bailaríns e músicos interesados na promoción do patrimonio cultural e a súa rica diversidade. O seu espectáculo está formado por coreografías creadas a partir do folclore peruano, mostrando un vestiario rico e vistoso realizado artesanalmente. Cunha grande experiencia internacional, o grupo ten participado en festivais do continente americano e tamén europeos de Francia, España, Italia, Suíza e Portugal.



**ARGENTINA General Roca**



**COMPAÑÍA ARGENTINA DE ARTE FOLKLÓRICO**

<https://es-es.facebook.com/compania.artefolklorico>

A *Compañía Argentina de Arte Folclórico (GAF)*, procede da cidade de General Roca, na provincia de Río Negro, na conca do río que dá nome á provincia. Este é un basto territorio que abrangue dende o Atlántico até os Andes, no norte da Patagonia. Ten como obxectivo divulgar a música e a danza folclórica argentina. A agrupación está formada por músicos e bailaríns de diferentes provincias, cunha extensa e recoñecida traxectoria profesional tanto a nivel nacional como internacional, tendo participado en festivais de Portugal, Alemaña, Polonia, España, Francia e Italia.

O repertorio da *Compañía Argentina de Arte Folclórico* está baseado no folclore de diferentes rexións do país suramericano: tango, malambo, bailes andinos, bailes gauchos, etc., todos interpretados dunha maneira nova e excitante, onde o entusiasmo do público se mantén durante todo o espectáculo.



**COREA Daejeon**



**YOON MINSOOK DANCE TROUPE**

O grupo Yoon Minsook procede da cidade coreana de Daejeon, a quinta máis grande do país con 1,5 millóns de habitantes, capital da provincia de Chungcheong, situada no centro de Corea.

Yoon Minsook Dance Troupe foi fundado no ano 2000 e está composto por bailaríns profesionais, formados en escolas de danza creadas polo propio director do grupo. O seu repertorio está composto por bailes tradicionais de todo o país coreano, caracterizados polo colorido do seu vestiario, a harmonía das coreografías, así como o seu dinamismo e complexidade. O grupo ten un longo historial de actuacións no seu país, e tamén ten participado en festivais internacionais de China, México, Romanía, Portugal e España.



**SUDÁFRICA Johannesburg**



**MAZIBUYE EMASISWENI TAXIDO**

<http://taxidoarts.wozaonline.co.za/>

O grupo Mazibuye Emasisweni Taxido proceda da cidade de Klatehong, a uns 30km de Johannesburg, capital económica de Sudáfrica. É unha cidade de medio millón de habitantes de diferentes pobos, onde se falan máis de cinco linguas entre as que destacan o zulú, o sotho, o xhosa e o tsonga.

O principal obxectivo deste grupo é ofrecer aos mozos desta cidade a posibilidade de afastarse do clima de violencia, desesperación e pobreza, tomando como camiño a cultura tradicional. A amálgama de diferentes culturas, de tribos, que conforman Sudáfrica, é unha excelente oportunidade para afondar no folclore e ofrecer un rico e variado programa de bailes e cancións, que despois de teren sido traballados presentan ao público nun animado e colorido espectáculo.

